

ORDENANZA 3.14

TAXA POLO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e consonte o que dispoñen os artigos 15 e 20.4 r) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por saneamento e depuración de augas residuais, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo, e polo Regulamento municipal do servizo de saneamento.

Artigo 2º. Feito imponible

A) Constitúe o feito imponible desta taxa:

1. A conexión á rede de saneamento dos predios que legal ou fisicamente constitúan a unidade de edificación.
 2. A prestación do servizo de depuración de augas residuais vertidas pola rede de saneamento.
- B) A taxa polo saneamento e depuración non se aplica ós inmobles derruidos, declarados ruinosos e os que teñan a condición de terreo.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes as entidades físicas e xurídicas, e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten a prestación do servizo ou sean usuarias do mesmo en virtude de calquera título.
2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os donos dos inmobles afectados, que poderán repercuti-las cotas, no seu caso, nos respectivos usuarios.

Artigo 4º. Responsables

1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Base imponible

A base imponible da taxa por saneamento e depuración está constituída polo consumo de auga medido en metros cúbicos e dependendo do concepto de ingreso.

Artigo 6º. Cota tributaria

1. O importe da taxa en concepto de saneamento e depuración determinarásese da seguinte maneira:

A. Cota por saneamento: a cota tributaria en concepto de taxa polo saneamento resulta de aplicar a base imponible ó precio por metro cúbico de consumo de auga do inmovible, segundo segue:

A.1. Polo mantemento do servicio	€/ m3
1.1. Mínimo de 10 m3	0,072774 €
1.2 Por m3 que exceda do mínimo	0,072774 €

A.2. Por amortización de investimentos

1.1. Mínimo de 10 m3 mes	0,064128 €
1.2. Por m3 que exceda do mínimo	0,064128 €

B. Cota por depuración: a cota tributaria en concepto de taxa por depuración resulta de aplicar a base imponible ó precio por metro cúbico de consumo de auga do inmovible, segundo segue:

B.1. Polo mantemento do servicio	€/ m3
1.1. Mínimo de 10 m3 mes	0,223282 €
1.2. Por m3 que exceda do mínimo	0,321456 €

2. A cota que se esixirá en calquera caso pola prestación do servicio será a mínima indicada, isto é, dez metros cúbicos mensuais.

3. A taxa en concepto de amortización só será esixible a partires da recepción das obras que motivaron a súa imposición e ata a total amortización das mesmas.

4. Ó solicitar a prestación do servicio e para atender ó pago de calquera descuberto o dano nas instalacións do servicio imputable, o usuario estará obrigado a depositar unha cantidade entre 15,02€ mínimo e 75,35 € máximo, segundo tarifa. Este depósito devolverásese no intre de causar baixa e previo pagamento de tódolos recibos pendentes.

Artigo 7º. Exencións e bonificacións

1. Estarán exentos do pago da cota mínima polo mantemento do servizo de saneamento e depuración (artigo 6.1 apartados A.1.1.1 e B.1.1.1) os seguintes contribuíntes:

a.- cando os ingresos anuais da unidade familiar, divididos polo número de membros que a compoñan, non superen o indicador de rendas de efectos múltiples vixente (IPREM) ou índice que o substitúa, por un período de 6 meses dentro do ano natural

b.- as mulleres embarazadas que polas súas circunstancias persoais se atopen soas ou estean integradas en familias con risco de exclusión social ou con especiais dificultades para o exercicio das responsabilidades parentais, dende a data da concesión ata que o menor cumpra 3 anos de idade.

2.- Para ter dereito á obtención destes beneficios, a persoa interesada deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento durante todo o tempo que dure a bonificación e ten a obriga de comunicar os cambios das circunstancias que deron lugar ao mesmo

3.- As solicitudes de beneficio fiscal resolveráanse por acordo da Xunta de Goberno Local previo informe do Departamento de Servicios Sociais e, en todo caso, da Tesourería municipal

Artigo 8º. Obriga de contribuir

A taxa devengarase a partir da formalización do contrato de verquido, e dacordo coas previsións contidas no Regulamento municipal do servizo de saneamento.

Non obstante, os inmobles que teñan fachada ás rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de saneamento e a distancia das cales ca devandita rede non exceda de 100 m. están obrigadas a contribuir, aínda que os interesados non teñan conexión á rede.

Artigo 9º. Normas de xestión

1. A facturación dos consumos farase mensual ou bimestralmente, xunto ca taxa por subministración de auga e conservación de contadores e consonte ca periodicidade da facturación da auga.

2. Os suxeitos pasivos deberán presenta-la solicitude de alta ou baixa no servicio e, unha vez concedida a licencia de conexión a rede, incorporanse o censo de suxeitos pasivos en concepto de taxa por saneamento e depuración.
3. Os suxeitos pasivos que aparecen como titulares ó comezo de cada período facturado están obrigados o pago das liquidacións mensuais ou bimensuais correspondentes.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Con respecto á calificación das infraccións rexerá o disposto nos capítulos XII e XIV do Regulamento municipal de saneamento, e para todo o relativo a calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día trinta e un de outubro de dous mil doce. Contra o acordo inicial non se presentaron reclamacións, polo que se entende elevado automáticamente a definitivo. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil trece, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.